

UNIDADE DIDÁCTICA: 3er Ciclo de Primaria

Na ribeira do Oka

1. Lectura dun texto de TOLSTOI

O profesor ou profesora introducirá esta parte da actividade explicando quen foi León Tolstoi.

- O Autor: León Tolstoi, novelista ruso, profundo pensador social e moral, e un dos máis grandes autores do realismo de todos os tempos (1828-1910).
- O texto: **Na ribeira do Oka**.

O texto de Tolstoi será lido en voz alta polos alumnos e alumnas. Entregarase a cada grupo unha das partes do mesmo:

TEXTO:

Grupo 1:

Na ribeira do Oka, vivían felices numerosos labregos. A terra non era fértil mais, labrada con constancia, producía o necesario para vivir con folgura e aínda daba para gardar algo de reserva.

Grupo 2:

Iván, un dos labradores, estivo unha vez na feira de Tula e comprou unha fermosísima parella de cans sabuxos para que coidasen da súa casa. Ao pouco tempo, os animalíños fixéronse coñecidos por todos os campos da veiga do Oka polas súas continuas razzias, nas que causaban estragos nos campos cultivados. Tampouco as ovellas e os xatos acostumaban saír ben parados.

Nicolai, veciño de Iván, na primeira feira de Tula comprou outra parella de cans para que defendesen a súa casa, os seus campos e as súas terras.

Grupo 3:

Mais ao tempo que cada labrego – para estar mellor defendido – aumentaba o número de cans, estes tornábanse máis esixentes. Xa non se contentaban cos ósos e demais sobras da casa, senón que había que lles reservar os mellores anacos das matanzas e houbo lles que construír recintos cubertos e dedicar máis tempo ao seu coidado.

Grupo 4:

Ao principio, os novos gardiáns rifaron cos antigos, mais rapidamente se fixeron amigos e os catro realizaron xuntos as razzias.

Cando viron aumentar o perigo, os outros veciños compraron tamén sabuxos, e así, ao cabo de poucos anos, cada labrador era dono dun fato de 10 ou 15 cans. Mal escurecía, co máis leve ruído, os sabuxos corrían furiosos e armaban tal escándalo que parecía que un exército de bandidos fose asaltar a casa. Os amos, asustados, pechaban ben as súas portas e dicían:

-Meu Deus! Que sería de nós sen estes valentes sabuxos que abnegadamente defenden as nosas casas?

Grupo 5:

Entre tanto, a miseria apoderárase da aldea; as crianzas, cubertos de farrapos, palidecían de frío e de fame, e os homes, por máis que traballaban da mañá á noite, non conseguían arrancar do chan o sustento necesario para a súa familia.

Grupo 6:

Un día, laiábanse da súa sorte diante do home máis vello e sabio do lugar, e como lle botaban a culpa ao ceo, o ancián díxolles:

- Vosa é a culpa. Lamentádevos de que na vosa casa falta o pan para os vosos fillos, que languidecen delgados e descoloridos, e vexo que todos mantendes ducias de cans gordos e lustrosos.
- Son os defensores dos nosos fogares – exclamaron os labradores.
- Os defensores? De quen vos defenden?
- Señor, se non fose por eles, os cans estraños acabarían cos nosos gandos e mesmo con nós mesmos.
- Cegos, cegos! – respondeu o ancián – Non comprendedes que os cans vos defenden a cada un de vós dos cans dos demais e que, se ninguén tivese cans, non precisaríades de defensores que se comen todo o pan que debería alimentar vosos fillos? Suprimide os sabuxos e a paz e a abundancia volverán aos vosos fogares.

Grupo 7:

E seguindo o consello do ancián, desfixéronse dos seus defensores e, un ano máis tarde, os seus celeiros e despensas non bastaban para conter as provisións e no rostro de seus fillos sorría a saúde e a prosperidade.

2. Análise do texto

Pedirase ao alumnado que dea a súa opinión sobre as seguintes cuestións:

- Que narra a historia?
- Que é o que máis vos chamou a atención?
- Quen vos parece que actúa mellor entre todos os personaxes?
- Por que se soluciona a situación entre todos e todas?
- Cal credes que é a máxima do conto?
- Imaxinades algunha situación real na que suceda algo parecido ao que narra Tolstoi en forma de conto?

3. Debuxo do conto de TOLSTOI

Despois da reflexión sobre o texto, pedirase a cada grupo de alumnos e alumnas que faga un debuxo que reflicta a parte do conto que lles tocou ler.

No debuxo deberá haber elementos realizados por cada un dos membros do grupo (para potenciar que teñan que chegar a un acordo, que teñan que confiar no que farán o resto dos membros do grupo...). Os debuxos serán colocados de maneira secuencial, de modo que a historia poida ser seguida de forma gráfica.

Finalmente, colocarase nunha cartolina a máxima que teñan extraído do conto.

4. Preparación do acto simbólico

Entre todos e todas analízade a máxima extraída do conto e pensade naquelas situacións e actitudes que dificultan a construción dun mundo en paz (o medo...). Unha vez recollidas as ideas, escribídeas –poden ser palabras ou frases– ou debuxádeas en papel. Estes papeis serán utilizados para forrar os tetrabriks cos que se construírá o muro no acto simbólico do DENIP.

Para continuar a traballar na aula:

O esforzo por construír un mundo máis xusto e en paz para todos e todas non se pode limitarse a un día no calendario, é por isto que desde Intermon Oxfam vos facemos outras propostas didácticas para continuar a traballar nesta liña:

- Monográfico **Construamos a paz** (unidade didáctica de 4 horas de duración). Propón unha reflexión sobre conceptos como a paz, a violencia ou o conflito. Pretende avaliar actitudes perante os conflitos para favorecer unha saída cooperativa aos problemas.

Podes descargar este material desde a web en www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos ou compralo a través do teléfono **902 330 331**

- Maleta pedagóxica **Armas baixo Control**. Proposta globalizada composta por diferentes materiais e recursos tanto para o alumnado como para o profesorado. Os obxectivos desta proposta son: coñecer o impacto que as armas representan para as sociedades, fomentar valores e actitudes que contrarresten a cultura da violencia e descubrir alternativas para a resolución pacífica dos conflitos.

A maleta está composta polos seguintes materiais, que poden ser adquiridos de forma conxunta ou individual a través do teléfono **902 330 331**:

- **1 Dossier informativo:** "Vidas destruídas".
- **1 DVD:** Fóra de control
- **4 Cadernos de traballo:**
 - Ciclo infantil "O agasallo de Memed"
 - Primeiro ciclo: "Unha sorpresa para Rosalina"
 - Segundo ciclo: "Bolboretas de cores"
 - Terceiro ciclo: "Un grito pola paz"
 - 2 Guías didácticas: Infantil e 1er Ciclo e 2º e 3er Ciclo
 - 1 Xincana: "Camiño a Huambo"